



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DO DOUS MIL SETE.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de novembro do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e a do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 09-11-07.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 9 de novembro de 2007, polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, solicítaselle ao Sr. Alcalde que conste en acta un recordatorio polo pasamento do ex Alcalde, D. Eusebio Valdés, agradecendo as bandeiras a media asta, pero indicando que votaron en falta unha notificación aos Concelleiros.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, acorda aprobar, por unanimidade dos seus membros, a dita acta coas correccións citadas.



2º.- TOMA DE POSESIÓN DE D. VICENTE HERMIDA RODRÍGUEZ COMO CONCELLEIRO DO PS DE G-PSOE.

Pola Sra. Secretaria dáse conta da expedición, polo Presidente da Xunta Electoral Central, da credencial expresiva da designación de D. Vicente Hermida Rodríguez, en substitución por renuncia, de D. José Luis Docampo Fortes; facendo constar que xunto coa credencial figura a Declaración de Intereses do referido Concelleiro para, a seguir, indicar que vai dar lectura da fórmula de xuramento ou promesa que, de conformidade co disposto na LOREG, en relación co Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, verbalmente pronuncia:

“¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?.

Por D. Vicente Hermida Rodríguez, contéstase: “Si prometo”.

Polo que se da por cumprimentado o acto da toma de posesión de D. VICENTE HERMIDA RODRÍGUEZ, como Concelleiro do PS de G-PSOE, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo dito Partido ás Eleccións Locais de 27 de maio de 2007.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA ALCALDÍA SOBRE XESTIÓNS REALIZADAS COA EMPRESA “SOGASERSO, S.A.” PARA O XERIÁTRICO.

O Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas manifesta que este punto do Orde do día vaino a retirar ata que teñan outro contacto coa empresa SOGASERSO, S.A., porque xa se empezaron a facer afirmacións inexactas.

Indica que antes de fin de ano celebrárase un Pleno extraordinario e se vai tratar este asunto; indicando que a ubicación desa dotación será a que se aprobou durante o goberno municipal bipartito.

4º.- APROBACIÓN DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE MÚSICA DE VIVEIRO.

Polo Sr. Alcalde indícase que existe dictame favorable da Comisión Informativa de Benestar Social, celebrada o derradeiro día 23 de novembro, engadindo que existen unhas novas condicións económicas e os motivos destas e que o prazo e por catro anos.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que di que van a votar a favor que é unha forma de recoñecer á Banda de Música de Viveiro o seu traballo a favor do Concello nos eventos aos que asiste.

A continuación, cédelle o uso da palabra o Voceiro do PP aó Concelleira do seu grupo, D^a. Vanesa Rego Martínez, que di que o PP vai a votar a favor, pero cos seguintes matices:

Que o informe do Sr. Interventor, indica que é necesaria unha partida presupostaria definida e concreta e que, por outra banda, considera que se podería ampliar o obxecto deste convenio a



outras agrupacións musicais como a Big Band. Sinalando, a seguir, que non entenden como se contratan as actuacións destes a través dunha terceira persoa.

A continuación, intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que manifesta que vai a votar a favor, indicando, a seguir, que se recollen cinco actuacións e aínda que se matizaron as cantidades, está conforme coa aprobación deste convenio.

Finalmente, o Sr. Alcalde, en contestación á Concelleira do PP, Sr^a. Rego Martínez, sinálalle que cando se vota a favor dunha proposta non se fan matizacións, xa que nese caso faríanse se se vota en contra ou se absteñen. A continuación, indica que está satisfeito das referencias que fixo esa Concelleira á orquestra “Big Band”, aínda que entende que esta formación musical non ten as mesmas características que a Banda de Música de Viveiro.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar o Convenio coa Asociación de Música de Viveiro que transcrito, literalmente, dí:

“No Concello de Viveiro, o día

REUNIDOS

*Dunha parte , don Melchor Roel Rivas, con NIF 32.626.871 Z
Doutra, dona María Socorro Giz García, con NIF 33.995.937 M*

INTERVEÑEN

O primeiro, na súa condición de Alcalde presidente do Excmo. Concello de Viveiro, asistido pola Secretaria da Corporación, dona Sara Martínez Álvarez.

A segunda en nome e representación da asociación “Banda de Música O Landro de Viveiro”, con CIF G27301183, con domicilio na Av. da Mariña, s/n- Viveiro e inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, a cal manifesta que dita asociación non está inhabilitada para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas.

Ámbalas dúas partes, tendo e recoñecéndose mutuamente, na respectiva condición na que comparecen, capacidade legal para outorgar o presente convenio, libremente o asinan cos antecedentes seguintes:

ANTECEDENTES

1.1. O Concello de Viveiro ven colaborando no desenvolvemento da actividade cultural e musical que realiza a Asociación Banda de Música O Landro de Viveiro, mediante as subvencións municipais anuais e outro tipo de axudas indirectas que se cifran na cesión GRATUITA da instalación do Conservatorio de Música, para ensaios, así como noutro tipo de apoios. Polo anterior estimase como máis convinte evitar o réxime de concurrencia que debe presidir as subvencións públicas , e escóllese o sistema de convenio aprobado polo Pleno.



- 1.2. *O concello de Viveiro para darlle continuidade a liña de colaboración que vimos mantendo habilita unha subvención nominativa con cargo a partida presupuestaria correspondente dos orzamentos municipais para apoiar mediante convenio, á citada entidade musical*
- 1.3. *A entidade “Asociación Banda de Musica O Landro de Viveiro” concorda co Concello en que ese apoio económico tamén debe reverter no conxunto dos veciños e veciñas de Viveiro*

CLAUSULAS

Primeira.- *O Concello de Viveiro aportará á entidade musical “Asociación Banda de Música O Landro de Viveiro” a cantidade estipulada de 21.567 euros para o exercicio 2008 incrementándose anualmente no IPC publicado polo Instituto Nacional de Estadística do ano anterior. Coa citada cantidade financiará os custos de contratación dun Director da Banda, participando na súa elección, e os custos elementais da Asociación.*

Así mesmo o Concello de Viveiro, como contraprestación ás actuacións que se relacionan na cláusula segunda deste convenio, comprométese a aportar unha cantidade non inferior a 13.351 Euros, incrementándose anualmente no IPC publicado polo Instituto Nacional de Estadística do ano anterior, que lle serán abonados á Banda de Música contra presentación das facturas pertinentes.

Ademáis o Concello de Viveiro, comprométese a facilitar a cesión gratuita e mantemento dun local de ensaios e dos instrumentos que se cederan da antiga Banda Municipal , dado o carácter continuador dela.

Segunda.- *En reciprocidade, a entidade musical comprométese a:*

- *Actuar obrigatoriamente nas seguintes datas no ámbito municipal conforme o viña facendo anteriormente, isto é:*
 1. *Semán Santa*
 - *Procesión da tarde de Domingo de Ramos*
 - *Procesións da tarde do Xoves Santo (dúas)*
 - *Procesións da tarde de Venres Santo (tres)*
 - *Procesión da tarde de Domingo de Resurrección*
 2. *Festas patronais e de Agosto.*
 - *Dous concertos e dous pasarrúas*
 3. *Corpus Cristhi*
 - *Procesión*
 4. *Nadal*
 - *Un concerto*
 5. *Santa Cilla*
 - *Un concerto*
 6. *Cinco actuacións a escoller polo Concello*
 7. *Tódolos actos oficiais que se desenvolvan no concello e sexan requeridos para eles.*



- *Facer consta-la colaboración do Concello de Viveiro, en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será obrigatoriamente en lingua galega*

Terceira.- *Antes do pago da subvención a asociación conveniada deberá acreditar non ser debedor da Facenda Pública e de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.*

Cuarta. *A Asociación deberá de comunicar ao Concello de Viveiro a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, provintes doutras Adminsitracións e Entidades Públicas ou privadas nacionais e internacionais.*

Quinta.- *Este convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2.008 e terá vixencia anual, podendo prorrogarse por prazos iguais ata un máximo de tres anos. A prórroga deberá de ser acordada expresamente polas dúas partes mediante escrito dirixido á Alcaldía solicitando a prórroga por parte da Asociación cun mes de antelación antes de finalizalo ano.*

No caso de que calquera das partes decida desistir da prórroga do convenio deberá comunicalo cun prazo mínimo de antelación de dous meses antes da finalización de cada anualidade.

Sexta.- *A sinatura deste convenio e incompatible coas outras subvencións municipais que lle puidieran corresponder a Asociación.*

Septima.- *A entidade conveniada comprométese a realizar en lingua galega toda a súa publicidade, por megafonía ou outros medios.*

Oitava.- *A xustificación dos gastos faráse antes do 28 de febreiro do ano seguinte, e conforme co establecido no Título III, da Ordenanza Xeral de Concesión de Subvencións do concello de Viveiro.*

Novena.- *En caso de incumprimento das condicións estipuladas no presente convenio, ou de non xustificación dos gastos o conveniado comprométese ao reintegro dos importes percibidos, que nese caso terán carácter de ingresos de dereito público.*

Décima.- *Este convenio ten carácter administrativo, polo que se rexerá, no non especificamente previsto no presente convenio, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e pola normativa estatal de réxime local .Así mesmo, axustarase á normativa autonómica que en cada caso resulte de aplicación, as Bases de Execución do orzamento municipal, e en especial á Ordenanza Xeral citada anteriormente e a normativa vixente de fiscalización do gasto.*

O presente convenio é de natureza administrativa. Contra as resolucións que se dicten no desenvolvemento deste convenio, o conveniado poderá recorrer en defensa dos seus dereitos perante a xurisdicción contencioso-administrativa.



En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data de cabeceira.”

5º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PREMIO “PRADOS LEDESMA”.

Polo Sr. Alcalde indícase que a modificación destas bases do Premio “Prados Ledesma” dictaminárase pola Comisión Informativa xa co goberno bipartito, aínda que por diversas cuestións non se tratou nunha sesión plenaria.

A seguir, concreta que estas variacións refírense ao idioma das obras a presentar que terá que ser unicamente en galego e a dotación de 300 euros como gratificación por asistencia aos membros do xurado, sempre que non sexan corporativos.

Finalmente, sinala que se vai a continuar co criterio de que a Asociación de escritores designe aos membros do xurado.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

1ª.- O Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que indica que o informe de Intervención é favorable.

2ª.- Por cederlle o uso da palabra o Voceiro, Dª. Vanesa Rego Martínez, Concelleira do PP, que dí que van a votar a favor aínda que piden que sexa en calquera das linguas oficiais, é dicir: galego ou castelán, xa que ambas as dúas son cooficiais.

3ª.- Os Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño, respectivamente, manifestan o seu acordo.

Finalmente, o Sr. Alcalde intervéñ para dicir que se se vota a favor dunha proposta que modifica unhas bases para contemplar que as obras presentadas sexan unicamente en galego, e despois se indica polo PP que sexa nas dúas linguas, parécelle un contrasentido. Sinalando, a seguir, que non impediu a intervención da Sra. Rego Martínez, aínda que non coñece que sexa Voceiro suplente do PP.

Por alusións solicita intervir a citada Concelleira do PP, para dicir que quere que quede claro que no grupo do PP se delega e, a continuación, solicita que se de a opción de que se poidan presentar obras nas dúas linguas: galego e castelán.

En contestación, o Sr. Alcalde se dirixe ao Voceiro do grupo do PP, solicitándolle a presentación de escrito no que faiga constar o número de Voceiros suplentes e o nome destes.



Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases reguladoras do Premio “Prado Ledesma”, quedando as mesmas, co texto que transcrito, literalmente, dí:

- 1) *“Poderán participar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten os orixinais escritos en lingua galega.*
- 2) *Os traballos terán que ser orixinais e inéditos, cun mínimo de 150 versos. Presentaranse mecanografados a dobre espacio en A4, escritos por unha soa cara, debidamente grapados, cosidos ou encadernados.*
- 3) *Otogarase un único premio dotado de 1500 € e poderá ser declarado deserto.*
- 4) *As obras deberanse presentar baixo un lema, nun sobre pechado, o nome apelidos, enderezo e teléfono do autor.*
- 5) *Os autores participantes deberán enviar cinco exemplares das obras, a seguinte dirección:*

**CONCELLO DE VIVEIRO
VI PREMIO DE POESÍA “ANTONIO PRADOS LEDESMA”
Praza Maior nº 1 – 27850 VIVEIRO (Lugo).**

O prazo de presentación remata o 31 de agosto de cada ano que se convoque.

- 6) *O xurado será designado polo Concello de Viveiro, entre personalidades da cultura. A decisión será inapelable.*
- 7) *Os membros do xurado non pertencentes á corporación poderán recibir 300 euros polos seus servizos en concepto de gratificación.*
- 8) *A participación nesta convocatoria requirirá aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como as decisións do Xurado designado, que serán inapelables.*
- 9) *As obras poderán ser retiradas, por escrito, dentro dos tres meses posteriores á decisión do Xurado.”*

2º.- Dar traslado do presente acordo á Animadora Sociocultural, así como ao Secretario por delegación da Comisión Informativa de Benestar Social para a publicación do Edicto no BOP e taboleiro de anuncios municipal, para a súa exposición ao público no prazo de trinta días.

3º.- Entender definitivamente aprobada a presente modificación das Bases citadas, se non se presentan reclamacións contra as mesmas.



**6º.- APROBACIÓN DE CONVENIO URBANÍSTICO COA ENTIDADE
“CONSTRUCCIONES Y SANEAMIENTOS A PIUNCA, S.L.”**

Polo Sr. Alcalde indícase que se tratou na Comisión Informativa de Infraestructuras, Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, celebrada el día 24 de novembro do 2007, determinándose deixar o asunto pendente paraa tratalo noutra sesión, polo que o retira o mesmo da Orde do Día.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade (dezasete), acorda darse por informado.

**7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APOIO Á RECLAMACIÓN VECIÑAL A
“ELECTRA DEL VIESGO, S.A.”, PARA CAMBIO DE TRAZADO DE TENDIDO
ELÉCTRICO EN ESCOURIDO.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión de Infraestructuras, Obras, Urbanismo, e Medio Ambiente, de data 24 de novembro, explicando que o motivo desta reclamación veciñal é para que o tendido discorra por terreos públicos.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que o seu grupo vai a votar a favor.

En segundo lugar intervén o Concelleiro do PP, D. Celestino Valentín García Paz, en lugar do Voceiro do PP, que dí que ten que realizar unhas precisións sobre o asunto, aínda que van a aprobar a proposta, matiza que se trata dunha liña de media tensión que cruza a maior parte de fincas e algunha delas párteas pola metade, polo que lle parece doado se se poida chegar a un acordo.

Engadindo que o PP xa se dirixiu a BEGASA demandando información sobre este asunto, o que indica, dí, que o problema ten anos e que o seu grupo está de acordo con que todas as LMT, por razóns de seguridade e medioambientais, estean soterradas, mencioando, a continuación, as alegacións de dúas efectadas polo prexuízo económico que lles ocasiona.

Os Concelleiros do BNG, D. José Antonio Goás Basanta e o de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, maniféstanse conformes coa proposta, indicando o derradeiro citado que agradece a memoria do Concelleiro do PP, Celestino García Paz, aínda que non recorde outras liñas como a de Batán, Chavín, que se atopa aínda sen electrificar.

Por alusións intervén o Concelleiro do PP, Sr. García Paz, sinalando que o Concello de Viveiro é quizais un dos que está máis e mellor reelectrificado. Neste intre intervén o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, para dicir que o que se presenta a esta sesión, é unha proposta da Alcaldía e que o primeiro soterramento das liñas, levouse a cabo durante o goberno bipartito na rúa Constanza de Castro.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta da Alcaldía sobre apoio a reclamación vecinal a “ELECTRA DEL VIESGO, S. A.” para cambio de trazado de tendido eléctrico en Escourido, que transcrita, textualmente, dí:



“Propuesta de la Alcaldía sobre reclamación vecinal en Escourido

Diversos vecinos de la zona de Escourido presentaron recurso de Alzada contra la resolución de la Delegación Provincial de Lugo de la Consellería de Innovación e Industria, de fecha 16 de mayo de 2007, por la que se autoriza a Barras Eléctricas Galaico Asturianas, S. A. el establecimiento de la instalación “reelectrificación en Escourido” en este término municipal, aprobando el proyecto de ejecución de la instalación eléctrica y declarándolo de utilidad pública, la necesidad de ocupación de los bienes y derechos afectados y la urgente ocupación a los efectos de la expropiación.

Los vecinos solicitan que se modifique el proyecto de la línea eléctrica en los términos recogidos en los informes técnicos acompañados al recurso y que el Ayuntamiento informe sobre la conveniencia de que dicha línea eléctrica discurra por los caminos públicos que se indican en los informes.

Que puede resultar de utilidad pública e interés social el que la referida línea eléctrica discurra por debajo de los caminos públicos sin dividir las fincas particulares afectadas.

Esta alcaldía propone al Pleno se adopte el siguientes acuerdo:

Se comunique a la Consellería de Innovación e Industria que este Ayuntamiento considera de interés social el hecho de que la instalación eléctrica discurra por debajo de caminos públicos sin dividir fincas particulares y que se autoriza a Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. para la instalación soterrada en los caminos públicos afectados por la propuesta vecinal.”

Dáse traslado ao departamento de Obras e contratación e a “Electra del Viesgo, S. A.”

8º.- POSTA A DISPOSICIÓN DE “ELECTRA DEL VIESGO, S.A.” DAS CONDUCCIONS ELÉCTRICAS SOTERRADAS NAS RÚAS CONSTANZA DE CASTRO DE VIVEIRO, E LAVANDEIRAS DE CELEIRO.

Polo Sr. Alcalde exponse a proposta e os seus motivos que se basean, dí, na imposibilidade de dispoñer do servizo senón se accede a esas condicións.

Aberta a quenda de intervencións, no lugar do Voceiro, intervén o Concelleiro do PP, D. Celestino Valentín García Paz, que dí que sempre houbo unha grande colaboración coa empresa “Electra del Viesgo, S. A.” antes BEGASA que redundaba en beneficio dos veciños e que a proposta é positiva e que a van a votar a favor.

Seguidamente, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dí que vai votar a favor xa que son beneficiosas para o colectivo dos habitantes de Viveiro.

A continuación, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que efectivamente beneficia a todo o mundo; non obstante, dí que este punto non é moi lóxico e insiste no manifestado na Comisión Informativa de Infraestructuras, Urbanismo, Obras e Medio Ambiente,



coa súa pregunta referida a canto percibe o Concello polo uso do subsolo por Barras Eléctricas e que o beneficio económico desta proposta é para BEGASA, pedindo, a seguir, que se revise antes a instalación, xa que doutra maneira se hai unha consecuencia, será culpa do Concello.

Polo Sr. Alcalde fanse as seguintes aclaracións:

Que Lavandeiras atópase soterrado.

Que mostra de que existía tan boa colaboración entre a compañía eléctrica e os gobernos do PP, era que non se traían ao Pleno estas cuestións.

Que, respecto ao manifestado polo Sr. García Paz, a rúa Lavandeiras levaba cincuenta anos sen arranxos e que a seis meses do pasado 31 de outubro, terá arranxados o saneamento, augas, beirarrúas e mobiliario urbano.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría de dezaseis votos a favor (PS de G-PSOE, PP e BNG) e unha abstención (IU-EU), acorda a posta a disposición de “Electra del Viesgo, S. A.” das conduccións eléctricas soterradas nas rúas: Constanza de Castro e Praza Maior, Avda de Ferrol e Navia Castrillón de Viveiro e a rúa Lavandeiras, en Celeiro, segundo os textos que figuran na Orde do Día da sesión, dilixenciados por Secretaría.

Dáse traslado ao departamento de Obras e contratación e a “Electra del Viesgo, S. A.”

9º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, manifestase que dado que pola Alcaldía se cambiou a data dos Plenos ordinarios, pregunta senón tería que vir ao Pleno ese asunto.

Pola Secretaria da Corporación sinálase que a Resolución da Alcaldía na que se establece que as sesións ordinarias se celebren os cartos luns de cada mes notificouse ao Voceiro do PP e aos Concelleiros do BNG e IU-EU e se inclúe xunto co resto de Decretos dictados pola Alcaldía na dación de conta do punto da orde do día da presente sesión.

Polo Sr. Alcalde sinálase que non existe inconveniente pola súa parte para que se inclua como punto dunha orde do día dun próximo Pleno.

Pola Secretaria se solicita ao Sr. Alcalde se lle permita intervir ao obxecto de despeixar as dúbidas manifestadas polo Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, sobre a necesidade de incluír na orde do día do Pleno o cambio da data das sesións ordinarias, dando lectura do artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, que textualmente dí: Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade estea preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado na sesión extraordinaria, que haberá de convocar o Alcalde ou Presidente dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación ...

Seguidamente a mesma Secretaria sinala que a Alcaldía non variou a periodicidade das sesións plenarias que se fixaron con carácter mensual na sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xuño do dos mil sete e que están a seguir sendo mensuais. Que únicamente se modifica a data de celebración destas, que se pasa do terceiro xoves ao carto luns de cada mes. Polo que atendendo ao precepto do ROF conclúe estimando que non é preciso o acordo plenario sobre o asunto.



A continuación, polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, sinálase que noutro Concello levouse ao Pleno o cambio da data.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

10.- MOCIÓNS DO B.N.G.

10.1.- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN DE MOTOS PARA A POLICÍA LOCAL.

Polo concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dáse lectura da moción.

A seguir, polo Sr. Alcalde manifestase que non hai problema para aprobar esta moción, sinalando, seguidamente, que deberán de adquirirse o ano próximo e que se pode acudir a subvencións da Consellería da Presidencia para a súa adquisición; lembrando que pola citada Consellería se concedeu recentemente un vehículo para a Policía Local.

A continuación, o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, intervén para dicir que apoian a moción; así como os Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Bassanta y D. Orlando Expósito Mariño, indicando, este último que se use a moto en ocasións que haxa aglomeracións.

Non se producen outras intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a dita moción que transcrita, literalmente, dí:

“Xustificación

En realidade esta proposta xa se tratara na anterior mandato, pero até o momento nada se ten feito e como consideramos que a utilización de motocicletas melloraría o servizo, traemos esta proposta ao Pleno do Concello.

O BNG considera que a Policía Local sería máis efectiva si se desprazase utilizando motocicletas, dadas as características que presenta o tráfico rodado en Viveiro. Moitas veces non ten sentido que os axentes da Policía Local utilicen un automóbel, cando o que se trata é de alixeirar o tráfico e contribuir a que este sexa máis fluído nun casco urbano como o de Viveiro xa de por sí complicado.

Lembramos á Corporación que a Policía Local de Viveiro xa contou con motocicletas nos anos oitenta. Ademías agora os axentes, como toda persoa con dous anos de antigüidade do seu permiso, poden conducir motocicletas de até 125 centímetros cúbicos contando co carnet de tipo B. Por todo o anteriormente exposto, o concelleiro do BNG propón que o Pleno do Concello

ACORDE:



Adquirir, en principio, dúas motocicletas para que sexan utilizadas pola Policía Local e mellorar así o Servizo que prestan estes axentes.”

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos departamentos de: Intervención, Obras e Contratación, Policía Local, así como ao encargado da tramitación destas subvencións, D. Javier Fernández Balseiro,

10.2.- CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, dáse lectura da moción que, transcrita, literalmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, é unha data para a denuncia, para a concienciación social, e para avaliar os avances que se teñen dado e anticipar novas liñas de actuación.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitas contra este fenómeno. A Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral de Violencia de Xénero é un instrumento para unha nova abordaxe da violencia de xénero no ámbito galego co fin de conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade entre mulleres e homes, porque un dos obxectivos prioritarios de toda sociedade democrática é a igualdade entre os homes e as mulleres e unha clara expresión de desigualdade é a vilencia de xénero.

A sociedade galega non debería aceptar ningunha forma de violencia de xénero, e as institucións locais teñen que tomar consciencia e responsabilidade na tarefa de eliminación da violencia exercida contra as mulleres. Tomar consciencia é un paso que hai que dar de modo colectivo, desde o mundo laboral, as institucións, os medios de comunicación, o encino, etc. mais tamén é un paso que se debe dar de modo persoal e individual.

Para construír unha sociedade baseada nos valores democráticos de igualdade entre mulleres e homes, necesitamos de medidas lexislativas ou contributos desde as administracións públicas que o BNG leva poñendo en marcha onde ten responsabilidades de goberno, mais aínda é necesario o compromiso social. Este compromiso social constrúese desde a solidariedade persoal á hora de condenar sen paliativos as accións de violencia contra as mulleres, de denunciálas e facer visíbeis as nosas denuncias.

Por iso o BNG desta volta quere chamar tmén á responsabilización e ao compromiso persoal de cadaquén. Os agresores non deben achar respaldo para continuar con “normalidade” a súa vida mentres as mulleres agredidas pasan auténticas dificultades para recuperar ass súas vidas. Estas dificultades son moitas e teñen que ver co aspecto económico, laboral, familiar e social.

No momento en que vivimos, onde as mulleres seguen a ser obxecto de maos tratos e moitas perden a videa a mans da súa parella, non cabe ollar para outro lado, debemos dar a cara todos e todas, e asumir homes e mulleres que coa violencia de xénero non caben mediads tintas. Contra a violencia machista debemos actuar todos e todas. Todas e todos somos testemuñas, e podemos escoller entre ser cómples ou ser persoas solidarias que non imos consentir co noso silencio que se



liximen condutas violentas contra as mulleres que perpetúan concepcións machistas asentadas en valores patriarcais.

O papel que teñen os concellos nesta loita común é fundamental xa que poden actuar como ponte de conexión entre as políticas deseñadas a nivel nacional polo goberno galego e a cidadanía e poden constituírse nun modelo de repulsa para todos veciños e veciñas dos actos de violencia contra as mulleres, manifestando a súa total condena e proclamando a súa corresponsabilidade na prevención, persecución e denuncia dos casos de violencia machista, así como a atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

As cifras de denuncias e de mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, poñen de manifesto dunha maneira brutal, que aínda non podemos baixar a garda, e que se fai imprescindible a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas. Sabemos que nos enfrontamos a un problema estrutural, pero este feito non pode converterse nunha excusa para non actuar.

Compre pois unha implicación real de todas as administracións no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previar e plaiar esta situación.

Unha das medidas fundamentais é apoiar as mulleres para que poidan iniciar unha nova vida en liberdade e protexida dos agresores.

En consecuencia o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Crear un fondo de emerxencia contemplando no orzamento unha partida específica para tal fin, que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero do concello que de maneira urxente necesiten recursos.”

Aberta a quenda intervencións, intervén, en primeiro lugar a Concelleira delegada, D^a. María Concepción Toral Romero, dicindo que onte celebrouse un acto contra a violencia de xénero no que non estivo presente o BNG para, a continuación dar lectura dun informe do Director do Centro de Servizos Sociais que, textualmente, dí:

“Desde el Ayuntamiento de Viveiro a través del Centro de Información a la Mujer se garantiza el derecho a la información y a la asistencia social, urgente y con especialización de prestaciones. Con carácter de urgencia se les tramita la asistencia jurídica gratuita, con el fin de garantizar a aquellas víctimas con recursos insuficientes para litigar una asistencia letrada.

Para garantizar a las víctimas de violencia de género que carezcan de recursos económicos unas ayudas sociales, en el Presupuesto General del Ayuntamiento de Viveiro existe una partida presupuestaria (313.00.480) de emergencia social dotada en el presupuesto actual con 12.000 euros.

A esta partida general de emergencia social se le vienen imputando todos aquellos gastos que se consideren necesarios para evitar situaciones de desprotección social, incluyendo los ocasionados por casos de violencia de género, dándole prioridad a éstas, es decir entre los



objetivos específicos que podemos señalar que cubre esta partida presupuestaria se sitúan el de cubrir los gastos y las situaciones generales por situaciones imprevistas y que precisen de un gasto especial urgente en el ámbito de la mujer.”

Ao finalizar esta lectura é interpelada polo Concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta, preguntándolle se foi invitado el como Concelleiro a esa concentración.

Neste intre polo Sr. Alcalde se reconvén a ambos Concelleiros, lembrándolles que non se poden manter diálogos sen que outorgue a palabra a Presidencia.

En segundo lugar, en substitución do Voceiro do PP, intervén a Concelleira D^a. Raquel Atadell Giz, para dicir que se solidarizan coas vítimas da violencia de xénero, polo que o seu grupo está de acordo coa creación dun fondo de emerxencia para estes casos e incluír a emenda para creación de pisos de acollida para estas persoas.

A continuación, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dicindo que lle parece correcto o que dí a Concelleira do PP e que xa houbo unha iniciativa ao respecto e que de, calqueira maneira, vai a votar a favor da moción.

En contestación, intervén o Sr. Alcalde, afirmando que xa existe un fondo de emerxencia social nos Orzamentos, e que o que propón a moción é crear un fondo social específico para os casos de violencia de xénero, polo que entende que se o que se trata é de que exista un epígrafe concreto, non o vai admitir, coa redacción da moción, que esas situacións xa se atopan cubertas co fondo existente nos Orzamentos. Continúa dicindo que estaría de acordo coa moción se se modifica e se pide a creación dun epígrafe concreto nos Orzamentos destinado contra a violencia de xénero. Insistindo, a seguir, que desgraciadamente o fondo xenérico dos Orzamentos xa se tivo que utilizar porque houbo casos de violencia de xénero; e puntualizando ao Concelleiro propoñente que durante o goberno bipartito, o BNG participou no mesmo con esa situación.

Prodúcense diversas intervencións, do Concelleiro do BNG e do Sr. Alcalde mantendo as argumentacións reflectidas, negándose o Concelleiro do BNG a modificar a moción presentada.

Neste intre, intervén o Voceiro do PP, Guillermo Leal Arias, que dí que, independentemente de que se modifique a moción co que indica o Sr. Alcalde, eles van apoiala . Preguntando, a seguir, se se engade a emenda a creación de casas para mulleres maltratadas, contestando o Sr. Goás Basanta que manteñen a moción, tal e como foi presentada.

Neste momento, intervén o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, para dicir que, á vista das intervencións, parece que están asistindo a un diálogo de ollomoles.

Tras esta afirmación e ante un inicio de contestación do Voceiro do PP, polo Sr. Alcalde se lle advirte que non está no uso da palabra e, polo tanto, non pode intervir, porque non é a súa quenda, ao que contesta o Voceiro do PP citado que non ten porque calar cando están dirixíndose a el e pide ao Sr. Alcalde-presidente que o trate como aos demais. Como quera que o Sr. Alcalde insiste; lembrándolle o respecto á función moderadora e ordenadora dos debates que lle compete á Presidencia, e o citado Voceiro persiste na actitude de intervir, polo Sr. Alcalde se lle ordea que se



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

ausente do Pleno, ou do contrario, dí, terá que recorrer á Policía Local. Manténdose o Voceiro do PP no seu asento, o Sr. Alcalde interrompe a sesión, ás vinte e dúas horas, dicindo que se reanudará transcorridos dez minutos.

Ás vinte e dúas horas e dez minutos, reanúdase a sesión coa asistencia de todos os Concelleiros; intervindo o Sr. Alcalde que dí que lle pedíu ao Sr. Leal Arias que abandoara a sesión por cuestionar a súa autoridade como Presidente do Pleno, tendo que recorrer ao auxilio da Policía Local, e, seguidamente, dí, que da por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e once minutos, indicando que o resto dos asuntos, trataranse o próximo mércores, en segunda convocatoria, e que espera que este tempo lle sirva ao Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, para recapacitar sobre o seu comportamento.”